

# IV CONCURSO DE PODCAST-RADIO NA BIBLIO



CEIP AS SOLANAS-NICOLÁS GUTIÉRREZ CAMPO

Poder participar neste concurso foi grazas a pertencer ao programa "Radio na biblio" desde este curso 2021-2022. Isto permitiuños ter os materiais necesarios e experimentar con eles, aprendendo día a día, tanto estudantes coma docentes.

Os nenos e nenas de 4ºA, xunto coa súa titora, son os encargados da redacción do programa semanal que emite todos os venres a radio escolar do noso centro: Radio Treboada. Conta, ademais, coa participación de 3º, 4ºB, 5º e 6º de Educación Primaria, encargándose cada un deles dunha determinada sección. De maneira esporádica, participa tamén o estudantado de 1º de Educación Primaria.

## "A TREBOADA DE CORGOMÓFILO"



### BREVE DESCRICIÓN DO PODCAST

Este podcast, de case 5 minutos, consiste nun teatro radiofónico que se ambienta nun videoxogo conformado por 4 niveis. Ao longo do mesmo, relátanse dunha maneira creativa, diferentes aspectos biográficos de Florencio M. Delgado Gurriarán, homenaxeado nas letras galegas deste ano 2022. Ademais, ao longo do podcast estimúlase a lectura da poesía galega co relato de estrofas pertencentes a múltiples poemas que escribiu o poeta ao longo da súa vida.

Por que decidimos chamalile "A treboada de Corgomófilo"? Poderíase dicir que buscábbase un nome que chamara a atención e fora creativo. Corgomófilo, un dos pseudónimos cos que publicaba Delgado Gurriarán. Treboada, por ser este o nome da nosa radio escolar, ademais de por considerar que a obra e as actuacións de Delgado Gurriarán simularon unha forte treboada naqueles anos, que pervive incluso áinda na actualidade.

## GUIÓN DO PODCAST

CUÑA DO VIDEOXOGO: A treboada de Corgomófilo (0:00)

CUÑA DO NIVEL 1 (0:06)

AMBIENTACIÓN DA ESCEA (0:09)

Narradora: 27 de agosto de 1903. Córgomos.

EFFECTO DE SON: CHOROS DUN BEBÉ

Narradora: Escoitas iso? Un neno acaba de nacer! Para superar este nivel deberás descubrir quen é.

Narradora: Conversa Consuelo co seu fillo.

CONVERSA DE CONSUELO CO SEU FILLO (0:24)

Consuelo: Florencio, a cear!!!

Florencio: Xa vooou...

Consuelo: Ai... Trangalladas de meniño... Paravadas!

POEMA 1 (María) (0:32)

Rigueiro da miña aldea,  
serpe de prata e cristal,  
que dás vida c'as túas augas  
aos prados de castañares.

AMBIENTACIÓN DA ESCEA (0:40)

Narradora: Valladolid, 1920. Un pai fala co seu fillo.

CONVERSA DO PAI CON FLORENCIO (0:45)

Pai: Ai Florencio, sempre lendo e escribindo... Céntrate nos estudos de dereito!

Florencio: Papá... O galego, que pracer!

Pai: "Robinsón galeguista en terras castelás".

POEMA 2 (Edgar) (0:55)

Teu cabelo é viño branco,  
os teus beizos viño tinto,  
os teus ollos augardente...  
¡quixería beberte a bicos!

Florencio: Algún día publicarei un libro: Bebedeira! Así, homenaxearei a nosa terra. (1:06)

EFFECTO DE SON: BUCINA (remata o tempo para resolver o 1º nivel do videoxogo) (1:12)

FIN DO NIVEL 1 (1:13)

Narradora: Rematouse o tempo! Sabes xa quen é o protagonista deste videoxogo?

Xogadora: Como non?! Florencio Manuel Delgado Gurriarán!

EFFECTO DE SON: VITORIA (pasamos ao seguinte nivel) (1:21)

CUÑA DO NIVEL 2 (1:25)

AMBIENTACIÓN DA ESCEA (1:28)

Narradora: 1936. Da comezo a Guerra Civil.

EFFECTO DE SON: AMBIENTE DE GUERRA

Narradora: Para superar este nivel, terás que axudar a Florencio a sobrevivir.

Xogadora: Por suposto! Intentareiño!

Narradora: 1939. Florencio e Castelao conversan.

CONVERSA DE CASTELAO E FLORENCIO (1:45)

Castelao: Florencio, amigo meu... Nós, que amamos a nosa terra e o noso galego... Pero os falanxistas tomaron o poder en Galicia! E xa case en toda España!

Florencio: Todo por un home pequeno, fol de veneno!!!

POEMA 1 (Mestra Rebeca) (1:58)

Fuco, Fuquiño,  
pequerrechiño,  
de homes refugallo,  
selso feixismo.

AMBIENTACIÓN DA ESCEA (2:03)

Narradora: 1 de abril do 39. A Guerra remata. Comeza a ditadura.

EFFECTO DE SON: BUCINA (remata o tempo para resolver o 2º nivel do videoxogo) (2:07)

FIN DO NIVEL 2 (2:09)

Narradora: O tempo rematou! Que idea tes para salvar a Delgado Gurriarán?

Xogadora: Ten que exiliarse! Levareiño a México. Mira ali, hai un barco! O Ipanema! Corramos!

ASEMADE, SOA O HIMNO GALEGO - Cántanno as mestras Fabiola e Virginia

Que din os rumorosos,  
na costa verdescente...

EFFECTO DE SON: VITORIA (pasamos ao seguinte nivel). (2:23)

## GUIÓN DO PODCAST

CUÑA DO NIVEL 3 (2:26)

AMBIENTACIÓN DA ESCEA (2:29)

Narradora: Atopámonos en México. Xogadora, que fará Florencio neste país?

Xogadora: Espero que seguir defendendo o galego!

Narradora: Gañaches dez puntos! Colaborou en diferentes revistas: Galicia, Saudade, Vieiros... Traduciu obras ao galego e publicou libros coma Galicia Infíndae O Soño do Guieiro.

POEMA 1: Luana (2:51)

Galicia infinda!

Nosa Galicia é máis que toda a terra.

Non é xa o cativo currunchiño  
que din escolas vellas.

SEGUIMOS AMBIENTANDO A ESCEA (2:59)

Narradora: Ata colaborou no programa radiofónico A hora de Galicia. Escoitemos un anaco:

A HORA DE GALICIA (PROGRAMA RADIOFÓNICO) (3:05)

Presentador: Hoxe, domingo, comprácenos ter con nós a Rodríguez de Bretaña e a Delgado Gurriarán. Contádenos: como vos coñecíchedes?

Rogelio: Os dous fuximos de España no Ipanema.

Florencio: Todo debido ás cabalgadas de Farrucón Farruquiño.

POEMA 2 (Mestres Yolanda e Tomás) (3:22)

• Ai, Farrucón

Farruquín, Farruquiño:

¿como ficaches tan pequeniño?

• Fiquei pequeniño

porque non medrei,

máis, sendo cativo, a moi alto cheghei.

EFEITO DE SON: BUCINA (remata o tempo para resolver o 3º nivel do videoxogo). (3:32)

FIN DO NIVEL 3 (3:33)

Narradora: Despois de escoitar todo isto... xogadora, como pensas que Florencio seguiu vivo?

Xogadora: Pode que firmara as obras con pseudónimos? Así sería moito máis difícil que o descubriran!

Narradora: Correcto! Firmaba como Corgomófilo, Sil, R.Miño...

EFEITO DE SON: VITORIA (pasamos ao seguinte nivel). (3:51)

## GUIÓN DO PODCAST

CUÑA DO NIVEL 4 (3:53)

AMBIENTACIÓN DA ESCEA (3:56)

Narradora: Xa chegamos ao último nivel de... A treboada de Corgomófile!

Xogadora: Antes de comenzar, unha curiosidade... Florencio non volve para quedar a vivir no seu Cóngomo natal?

POEMA 1 (Nicolás) (4:08)

Meu Cóngomo de Valdeorras é ríbeira clara  
por Cóngomo de Valdeorras non anda a Santa Compañía.

AMBIENTACIÓN DA ESCEA (4:17)

Narradora: Moi ao seu pesar, non. Para superar este último nivel, terás que explicar por que en 1981 a Real Academia Galega invitouno a un acto. Escoita:

Membro da RAG: Temos o pracer de outror gallo, Don Florencio Manuel Delgado Gurriarán, a medalla de académico.

Xogadora: Nomeárono membro da Real Academia Galega?!

Narradora: Correcto! Completaches os catro niveis de A treboada de Corgomófile!

COMPLETADO O VIDEOXOGO, SAEN OS CRÉDITOS DO MESMO (4:47)

POEMA 2 (Claudia) (4:49)

; Salve!

Branca, branquiña, branqueira,  
alta bandeira galega:  
branca coma unha pombiña  
azul, coma o mar da Terra.